

CONSELLERÍA POLÍTICA AGROALIMENTARIA Y DESARROLLO RURAL

DO. Galicia 27 febrero 2004, núm. 41, [pág. 2715];

MIEL DE GALICIA. Modifica el Reglamento de la indicación geográfica protegida Miel de Galicia y su consejo regulador, aprobado por la Orden de esta consellería de 19-2-2003 (LG 2003\79)

Texto:

Con data do 30 de xaneiro de 2003 foi transmitido á Comisión Europea o prego de condicións da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia, para a súa inscrición no Rexistro Comunitario das Denominacións de Orixe e das Indicacións Xeográficas Protexidas.

O artigo 5 do Real Decreto 1643/1999, do 22 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no citado rexistro, prevé, en aplicación do artigo 5.5º do Regulamento (CEE) 2081/1992, a posibilidade de concesión dunha protección nacional transitoria a partir da data de transmisión da solicitude de rexistro á Comisión Europea, mediante a aprobación e publicación do Regulamento da Denominación, que deberá ser ratificado, para o efecto, polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Por tanto, unha vez realizada a transmisión do prego de condicións, por Orde do 19 de febreiro de 2003 da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, aprobouse o mencionado Regulamento.

Sen embargo, antes de efectuarse a súa ratificación polo citado ministerio, produciuse a entrada en vigor da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da Viña e do Viño, que contén un novo réxime sancionador de aplicación tanto ós produtos vínicos coma ós produtos agroalimentarios non vínicos, invalidando con iso o procedemento sancionador previsto para a indicación xeográfica protexida Mel de Galicia no seu correspondente Regulamento.

Faise necesario, por iso, proceder á modificación do mencionado Regulamento, naqueles artigos en que o seu contido sexa contrario ós preceptos da Lei 24/2003, adaptándoo á nova normativa, para que posteriormente poida ser ratificado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

En consecuencia, de acordo coas consideracións expostas e co disposto no artigo 30.I.3 e 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, Reguladora da Xunta e do seu Presidente, modificada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro, dispoño:

Artigo único.

Modifícanse os artigos 1, 27, 33 e 38 do Regulamento da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, aprobado pola Orde do 19 de febreiro de 2003, do xeito que se expresa no anexo a esta disposición.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Derróganse os artigos 39 a 50 do mencionado Regulamento, quedando, polo tanto, sen contido.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Primeira.

Facúltase o director xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria para que dicte as disposicións necesarias para a mellor aplicación desta Orde.

Segunda.

Esta Orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

ANEXO

Modificación do Regulamento da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia e do seu consello regulador

Modifícase o artigo 1, o parágrafo 2º do artigo 27, o parágrafo 2º do artigo 33 e o artigo 38 do Regulamento da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia e do seu consello regulador, quedando redactados como se recolle a continuación:

Artigo 1. Base legal da protección.

De acordo co disposto no Regulamento (CEE) 2081/1992, do consello, do 14 de xullo, relativo á protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios; na Lei 24/2003, do 10 de xullo, da Viña e do Viño; na Lei 25/1970, do 2 de decembro, do Estatuto da Viña, do Viño e dos Alcohois, e no seu Regulamento aprobado polo Decreto 835/1972, do 23 de marzo; no Real Decreto 728/1988, do 8 de xullo, polo que se establece a normativa á que deben axustarse as denominacións de orixe, específicas e xenéricas dos produtos agroalimentarios non vínicos; na Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 25 de xaneiro de 1994, pola que se precisa a correspondencia entre a lexislación española e o Regulamento (CEE) 2081/1992, en materia de denominacións de orixe e indicacións xeográficas dos produtos agroalimentarios; e no Real Decreto 1643/1999, do 22 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no rexistro comunitario das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, quedan amparados coa indicación xeográfica protexida Mel de Galicia os meles tradicionais designados baixo esta indicación xeográfica que, reunindo as características definidas neste Regulamento, cumpran na súa produción, procesado, envasado, almacenaxe e comercialización tódolos requisitos esixidos por el, polo prego de condicións e pola lexislación vixente.

Artigo 27. Funcións.

É tamén obxecto principal do propio consello regulador aplica-los preceptos deste Regulamento e velar polo seu cumprimento, para o que exercerá as funcións que, con carácter xeral, se encomendan ós consellos reguladores no artigo 87 da Lei 25/1970, do Estatuto da Viña, do Viño e os Alcohois, sen prexuízo do disposto na disposición adicional novena da Lei 24/2003, do 10 de xullo; e nas demais disposicións vixentes complementarias, así como as que expresamente se indican neste Regulamento.

Artigo 33. Estructura administrativa.

O consello regulador terá un secretario designado polo propio consello por proposta do presidente, de quen dependerá directamente e que terá como cometidos específicos os seguintes:

- a) Prepara-los traballos do consello e tramita-la execución dos seus acordos.
- b) Asistir ás sesións con voz pero sen voto, cursa-las convocatorias, levantar actas e custodia-los libros e

documentos do consello regulador.

c) Os asuntos relativos ó réxime interior do consello, tanto de persoal como administrativos, exercendo a xefatura inmediata sobre o persoal.

d) Recibi-los actos de comunicación dos vocais do consello, e polo tanto as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que deba ter coñecemento.

e) Expedir certificacións de consulta, dictames e acordos aprobados.

f) As demais funcións que lle encomende o presidente, relacionadas coa preparación e instrumentación dos asuntos da competencia do consello.

Artigo 38. Base legal.

1. Conforme o disposto na disposición adicional novena da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da Viña e do Viño, o réxime sancionador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia é o establecido no título III da dita Lei, en tanto non se aprobe a normativa autonómica sobre a materia.

2. Complementa a disposición legal mencionada, o Real Decreto 1945/1983, do 22 de xuño, que regula as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, en canto lle sexa de aplicación; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; o Regulamento de Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto; e cantas disposicións xerais estean vixentes no seu momento sobre a materia.